



Concello de Gondomar

Expediente.- 911/2023

Asunto: Aprobación do expediente de contratación, por procedemento negociado sen publicidade das obras “**INSTALACIÓN DE CÉSPED ARTIFICIAL Y MEJORAS EN EL CAMPO DE FÚTBOL AS GAIANDAS**”

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

ANTECEDENTES

- Consta o proxecto da Obra no que se inclúe entre outros os Pregos de Prescricións Técnica polos que se rexerá a licitación.
- Consta no expediente o estudo básico de seguridade e saúde que acompaña o proxecto de obra e informe sobre a non necesidade de autorizacións sectoriais.
- Consta o proxecto aprobado por Resolución da Alcaldía 2024-0960 do 12 de xuño do 2024, redactado polo arquitecto Pablo Muiños, que conta cun orzamento total de 399.740,665 (presuposto base 330.364,186€ €, máis o IVE: 69.376,479 €).
- Visto informe do arquitecto técnico municipal sobre o proxecto de obra no que se comproba e fai referencia a comprobación da realidade xeométrica das obras, a viabilidade urbanística, a non necesidade de autorizacións sectoriais da obra.
- Consta a memoria xustificativa obxecto do contrato de conformidade coa Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público art. 116 LCSP .
- Constan os pregos de cláusulas administrativas polos que se rexerá a licitación. Informe favorable da Secretaría municipal de data 05.08.2024 que conclúe: “Por todo o anterior, a Secretaria que subscribe informa que o expediente tramitado para a contratación da seguinte Obra “**INSTALACIÓN DE CÉSPED ARTIFICIAL Y MEJORAS EN EL CAMPO DE FÚTBOL AS GAIANDAS**” mediante procedemento negociado sen publicidade cun valor estimado é de 330.364,19€ (sen IVE) e presuposto base de licitación é de 399.740,67€ (con IVE), e duración do contrato de 10 semanas adecúase á lexislación vixente, nos termos referidos. “
- Informe favorable da Intervención municipal de data 12.08.2024, que conclúe: “En visto do anteriormente exposto, fiscalízase favorable o expediente de contratación da obra “**INSTALACIÓN DE CÉSPED ARTIFICIAL Y MEJORAS EN EL CAMPO DE FÚTBOL AS GAIANDAS**” así como a aprobación do gasto por importe de 399.470,66 euros, de acordo co establecido no artigo 116.3 da LCSP, emitíndose a seguinte observación:
 - Consta replanteo previo emitido fóra de prazo, incumprindo, polo tanto, o artigo 236 da LCSP.
 - Non se recolle un estudo xeotécnico nin consta pronunciamento sobre a súa incompatibilidade coa natureza da obra.
 - Respecto do informe da oficina de supervisión, se ben non resulta preceptivo por importe non consta pronunciamento sobre a súa necesidade ou non por afectar ou non as obras á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.





Concello de Gondomar

Vistos os pregos para a contratación que se propoñen, que inclúen os criterios que servirán de base para a adxudicación, pluralidade de criterios valorables en cifras ou porcentaxes, pretendéndose así, obter a mellor oferta/solución que permita unha maior eficiencia na xestión do gasto público.

RESOLVO.-

Primeiro. Avocar a competencia para este asunto por razóns de celeridade e eficacia, delegadas na Xunta de Goberno Local, mediante resolución do 26 de xullo de 2023.

Segundo.- Aprobar o expediente para o contrato das obras para a execución das “INSTALACIÓN DE CÉSPED ARTIFICIAL Y MEJORAS EN EL CAMPO DE FÚTBOL AS GAIANDAS” a adxudicar por procedemento negociado sen publicidade mediante a aprobación dos pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas que rexerán a contratación.

Terceiro.- Aprobar e autorizar o gasto que ascende á cantidade de 330.364,19 €, o que supón un importe de IVE de 69.376,48 € (21%), para un total ascendente de 399.470,67 €.

Cuarto.- Dispor a apertura do procedemento negociado sen publicidade para a obra de “INSTALACIÓN DE CÉSPED ARTIFICIAL Y MEJORAS EN EL CAMPO DE FÚTBOL AS GAIANDAS”.

O manda e asina dixitalmente, na data que se consigna na marxe, o Sr. alcalde, Paco Ferreira González, do que eu como secretaria, dou fe.

